



CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA
AXENCIA TRIBUTARIA

CAMPAÑA DE RENDA 2008

Ontes a tarde tivemos a reunión para tratar as condicións da Campaña de Renda, que como xa sabedes, xa comezou o 1 de abril co borrador. A Admón entregounos unha primeira proposta de Acordo que, poderíamos dicir é un calco do do ano pasado. Como este ano xa teñen escusa coa crise, nun primeiro momento aproveitaron para colar unha suba raquíutica do 2% e, por riba, só para as horas da mañá. Ante tal despropósito, toda a parte social manifestamos a nosa máis absoluta indignación e, despois das consultas pertinentes ás "altas esferas" da AEAT ofrecen tamén unha suba do 2% para a tarde.

Respecto ao tema do horario, distribución de tardes e demais, a AEAT non está disposta a incluír no acordo ningunha mención por escrito ao respecto (ou sexa, que teremos lío de novo, pois cada Delegación irá por libre). De xeito verbal sí comunicaron cales serán as súas instrucións respecto aos horarios: **pola mañá**, de 8:30 a 14:00 horas, e **pola tarde**, un máximo de 3 horas, entre as 15:30 e as 19:00. Respecto aos sábados, en principio, só teñen intención de abrir a plataforma os dous últimos sábados da Campaña.

Do resto das nosas peticións (persoal de informática suficiente, regulación dos tempos de descanso, 15 minutos por renda, non os postos virtuais, non sobrecargar a xornada de mañá...etc, etc) os responsables da AEAT pasan olímpicamente, ou sexa, "non sabe, non contesta"

Nestas condicións xa podemos adiantar, que a CIG, como xa fixemos o ano pasado, **NON VAI ASINAR O ACORDO...¡¡XA ESTÁ BEN!!!**.

Hoxe, ao longo da mañá teremos xa a reunión definitiva, pero xa podemos adiantar que non esperamos ningunha cousa nova e non cremos, sinceramente, que a AEAT vaia ter en conta ningunha das peticións da parte social. Achegamos, con esta nota, o primeiro borrador do Acordo, onde podedes ver anotadas as contías do ano pasado

SEGUIREMOS INFORMANDO

CIG-AEAT
DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA
Rúa Comandante Fontanes, 10-sot.
Télf.:981 61 68 89/687 82 15 44
Fax:981 12 72 22
cigaeat@gmail.com
mariacarmen.ares@correo.aeat.es
WWW.CIGAEAT.COM